

BANDO

RECORDATORIO DAS OBRIGAS DOS RESPONSABLES DE TERREOS FORESTAIS CONTEMPLADOS NA LEI 3/2007 DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS DE GALICIA MODIFICADA POLA LEY DE 7/2012 DE MONTES DE GALICIA .

José Blas García, alcalde-presidente do Concello de Ames (A Coruña)

INFORMA:

A todos os veciños e veciñas de Ames, que a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia publicou no DOG do martes 17 de abril de 2007, a lei de “*Prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia*” modificada posteriormente pola lei 7/2912 de “*Montes de Galicia*” (DOGA do luns 23 de xullo de 2012).

A mencionada lei establece no seus artigos 21 e 22 as obrigas das persoas físicas e xurídicas **responsables das parcelas incluídas nas faixas de especial protección de núcleos, que deberán cumprir cas obrigas de xestión do combustible vexetal (tala e roza)**, todo o ano, sisendo o 31 de maio a fecha para ter terminadas estas tarefas de limpeza de parcelas das franxas de seguridade. xestionando a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ó solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como ó redor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais ubicadas a menos de 400 metros do monte, de maneira que nestes 50 m non poderá haber nin piñeiros nin eucaliptos nin acacias, de acordo cos criterios de xestión de biomasa establecidos na disposición transitoria terceira.

As distancias no caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanización mediranse dende o paramento das mesmas. No caso de depósito de lixo, parques ou instalacións industriais, mediranse dende o límite das instalacións.

No caso de incumprimento das obrigas sinaladas anteriormente, segundo o artigo 22 da Lei 3/20017, de procedemento de xestión da biomasa no ámbito das redes secundarias, **o Concello de Ames poderá proceder á notificación ás persoas responsables da súa obriga, advertíndolle da posibilidade de execución subsidiaria en caso de incumprimento e sen perxuizo da instrución do procedemento sancionador que corresponde, e da aplicación de multas coercitivas, no seu caso.**

Ames a 18 de maio de 2022

A Alcalde-Presidente
José Blas García